

Sarria, 8 de xullo de 2024.- O ALCALDE PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2159

---

## O VICEDO

### Anuncio

Don José Manuel Álvarez Rodríguez, veciño de Bertamiráns – Ames (A Coruña), solicita corte da vía pública no lugar da Torre, parroquia de Suegos, termo municipal do Vicedo, coa fin de proceder a un entroncamento á rede municipal de auga. De conformidade co preceptuado no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ábrese un período de información pública de 20 días hábiles a efectos de que calquera persoa física ou xurídica poda examinar o expediente e formular as alegacións que teña por conveniente.

O Vicedo, 17 de xullo de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2164

---

## VIVEIRO

### Anuncio

Dona MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO.

Vista a publicación no BOP de Lugo en data 28 de xuño de 2024, da Convocatoria para a selección de persoal, con carácter temporal, para a contratación de oito socorristas para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, ao amparo da orde do 27 de maio de 2024 e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

Vista a publicación no BOP de Lugo en data 28 de xuño de 2024, das Bases Reguladoras para a selección e contratación de oito empregos de carácter laboral temporal de socorristas para as praias do Concello de Viveiro.

Tendo en conta que quedan postos de socorristas vacantes.

Tendo en conta que o proceso selectivo responde á urxencia para a contratación de persoal socorristas 2024 para a época estival de praias 2024.

### RESOLVO

**PRIMEIRO.**- Establecer un novo prazo de presentación de solicitudes para a selección de persoal, con carácter temporal, para cinco postos de socorristas, de **5 (CINCO) DÍAS HÁBILES**, pola urxente e inaprazable necesidade, contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**SEGUNDO.**- Indicar que as Bases Reguladoras para a selección e contratación de empregos de carácter laboral temporal de socorristas para as praias do Concello de Viveiro, figuran publicadas no taboleiro de anuncios dixital e na páxina web municipal [www.viveiro.es](http://www.viveiro.es).

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 16 de xullo de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante mín, A Secretaria Accidental, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Nieves Leitao Cora.

R. 2160

---

### Anuncio

Dona MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO.

No Boletín Oficial da Provincia número 127, de 03 de xuño de 2024, publica a convocatoria do proceso para a selección de **UN XEFE DE BRIGADA**, que prestará servizos temporais no Concello de Viveiro, ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación.

Vistas as bases xerais e específicas que teñen por obxecto establecer o procedemento de selección a empregos temporais do Concello de Viveiro para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do

Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2024.

Tendo en conta que un posto de xefe de brigada está vacante.

Tendo en conta que o proceso selectivo responde á urxencia para a contratación de persoal para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2024 segundo os prazos estipulados no Convenio de Colaboración polo que se regula e financia esta contratación.

#### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Establecer un novo prazo de presentación de solicitudes para a selección de persoal, con carácter temporal, para un posto de un xefe de brigada, de **5 (CINCO) DÍAS HÁBILES**, pola urxente e inaprazable necesidade, contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**SEGUNDO.-** Indicar que as bases xerais, anexo e bases específicas polas que se establecen as normas para a selección de un xefe de brigada, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2024, figuran publicadas no taboleiro de anuncios dixital e na páxina web municipal [www.viveiro.es](http://www.viveiro.es).

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 12 de xullo de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Luz Balsa Rábade.

R. 2161